

Lume

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A vella do arco da vella

Hai que se pon dos nervios ao ver as cores do arco iris. Quizais se trate de persoas contaminadas de prexuízos que non saben, ou non queren saber, que o arco é un símbolo cultural universal que representa valores como paz, igualdade e diversidade.

Aquí chamámoslle preferentemente arco da vella e por esa vella preguntamos. Non sabemos con certeza de quen se trata, nin tampouco o motivo profundo polo que Gilbert Baker escolleu as súas cores como bandeira do colectivo LGTBI.

Dise que onde pousan os extremos do arco da vella hai un tesouro e que a persoa que pasa ou mexa debaixo del cambia de sexo; xeralmente pasa de varón a femia. Se é home, ademais, pode secarlle o pistolo. En cambio, se unha muller salta ou pasa un sombreiro por riba del, pouco probable, converteríase en varón. Quizais teña que ver con isto o esconxuro "Arco da vella vaite de aí, que as nenas bonitas non son para ti".



"Arco da vella, tempo de merda" e outros múltiples refráns vencellan a súa presenza aos prognósticos meteorolóxicos, sobre todo á abundancia de choivas. Dise que cando ten sede e bebe nos ríos, nos encoros ou nos mares quita a gorra, unha pucha feita de pedras preciosas que enriquecería a quen conseguise roubarlla. Ninguén foi quen.

Taboada Chivite recolleu a crenza de que as cores escuras pertencen ás vellas e as claras ás mozas, que nel viven as bruxas, causantes de tantas maldades, e que a fin do mundo será anunciada por, entre outros avisos, corenta anos de fame e seca nos que non se deixará ver.

Todas esas capacidades e atributos fan pensar nunha antiga deusa con nomes diferentes segundo a xeografía cultural, capaz de premiar ou castigar, de conceder riqueza, cambios de sexo e ata o goberno do tempo climatolóxico. A vella representa a memoria dunha gran divindade que se resiste ao esquecemento, unha deusa tecedora de destinos, que pasa o ferro e fai requeixo, entre outros quefaceres. O arco, simbolicamente, é porta ou ponte para o tránsito das ánimas entre o mundo dos vivos e dos mortos. Para iso foi creado pola deusa grega Iris, para manter sempre comunicado o olimpo dos deuses co val de lágrimas dos humanos.

Esta denominación arcaica e antiga de noso derivou noutros lugares en nomes cristianizados como arco da Virxe, de Noé, de San Xoán, de San Martiño, do Señor...

Se cadra a vella é a nosa moura que se aparece fiando na roca polos camiños nocturnos, a que rexe os destinos humanos, a mesma que carrega na cabeza con forza poderosa penedos xigantes. Se cadra é a Orcavella de Fisterra ou a vella que peneira cada noite invernal un cobertor de xeadada.

Tamén debe saberse que hai un arco da vella branco, cor cinsa prateada, que reflicte a luz da lúa como o que viron o P. Sobreira ás once da noite do 18 de xullo de 1798 en Cabeza de Meda e o navegante Sarmiento de Gamboa na noite do 25 de marzo de 1580.

Contemplar o arco da vella, sexa branco ou iris coas sete cores características, fascina. Cando o vexan, pidan un desexo pero non o sinalen directamente co dedo ou coa man; pódeseelles torcer ou, infortunio maior, chegar a secar.

© Antonio Reigosa

Serie: "Andel de Marabillas", *El Progreso*, 20 de xullo de 2020